

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

Tras constituirse a nova Corporación 2023-2027, en sesión plenaria extraordinaria de organización e funcionamento, acordouse establecer a periodicidade das sesións ordinarias:

“O Pleno do Concello de Valdoviño celebrará sesión ordinaria, con periodicidade mensual, o PRIMER XOVES DE CADA MES ÁS 20:00 HORAS. No caso de que coincida en festivo trasladarase ao XOVES hábil seguinte”.

Figurando tamén no acordo que *“No mes de xullo e agosto se decidirá a data, en función das necesidades dos servizos”.*

Vista a existencia de asuntos varios concluídos posta a disposición desta Alcaldía e que no día tres de agosto celebrouse sesión de comisión informativa para estudo e ditame de ditos asuntos, e tendo as sesións ordinarias carácter mensual, e emitido o decreto de convocatoria de data 07.08.23,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

CONVOCO sesión ORDINARIA do Pleno da Corporación que se celebrará **no Salón de Sesións** da Casa do Concello o vindeiro XOVES, **día 10 de AGOSTO/2023 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior: 20.07.23 (Ordinaria).
- 2º.- Ratificación de acordo de asignación de adicación exclusiva a alcalde.
- 3º.- Ditame sobre determinación dos festivos locais de Valdoviño para o ano 2024.
- 4º.- Ditame de aprobación do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal. Adicional 2/2023, 2ª Fase da Excmª Deputación Provincial da Coruña.
- 5º.- Ditame de aprobación inicial de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo – RPT- do Concello de Valdoviño.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

6º.- Informe de tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño e período medio de pagamento, referido ao 2º trimestre de 2023.

7º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de xullo de 2023.

8º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE